moodle aula virtual

PLAN DIXITAL

EOI ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS A CORUÑA

# Anuncios (foro de novas)

Cando se crea un curso novo, Moodle automaticamente crea un foro especial para novas chamado "Anuncios". A función deste foro é a de un taboleiro de información para os usuarios e aparece na sección 0 do curso. Se activamos o bloque "Últimas noticias", aparecerán tamén ahí os avisos.

Un curso poder ter soamente un foro de anuncios. Soamente os profesores e os administradores poden comentar neste foro de anuncios.

Cando o docente engade un aviso en Anuncios, o alumnado recibe unha notificación. Hai que ter en conta que este aviso non o recibe de maneira instantánea, senón cando se execute no servidor unha tarefa cron.



Coa edición activada para "Anuncios" imos a "Editar os axustes" deste foro.



O nome do foro por defecto é Anuncios pero aquí podemos cambialo. Tamén sae unha descrición por defecto, que se pode modificar ou ampliar.

Tamén é posible determinar se queremos que a descrición estea visible na páxina do curso.

A data límite é cando se debe publicar o aviso e a data de corte é a data límite para aceptar comentarios. Podemos deixalos sen activar.



Por defecto o modo de suscrición ao foro de Anuncios é forzada. Todo o mundo está suscrito e non poden cancelar a suscrición.

Os usuarios recibirán unha notificación por correo electrónico cando se publique un aviso.

O seguimento de lectura permite aos participantes comprobar con facilidade os comentarios que aínda non viron destancando as publicacións novas. Pódese deixar como opcional.

Por ser un taboleiro de novas, non é cualificable, así que deixamos o tipo de cualificación sen cambiar (Ningún).



Tamén deixamos o apartado de Puntuacións sen cambiar (Sen puntuacións).

En axustes comúns do módulo por defecto o foro estará visible, pero podemos optar por agochalo.

Deixamos o resto dos axustes sen cambiar e gardamos a configuración.



Unha vez revisados os axustes do foro, imos engadir e publicar un aviso. Cubrimos o tema e a mensaxe. Podemos achegar fotos, videos ou documentos.



Tras engadir o aviso temos 30 minutos para facer cambios.



Para facer cambios prememos en Editar. Temos tamén a opción de eliminar o aviso.

Anuncios

Benvida!

Axustes

Presentar respostas de forma aniñada | Mover este debate a ... | Mover

**Benvida!**
por Marita Cerviño - Luns, 13 de Marzo de 2023, 23:00

Agardo que este curso sexa da vosa interese.




Ligazón permanente Editar Eliminar Responder

Se prememos en editar ábrese de novo o editor de texto e esta é tamén a forma máis doada de achegar ficheiros.






Cando o anuncio estea publicado podemos elexir como queremos que se presenten as respostas.



Se activamos o bloque "Últimas noticias", aparecerán tamén ahí os avisos do foro de anuncios.

